



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

BASES REGULADORAS SERVIZO MADRUGADORES CONCELLO DE MUROS PARA O CURSO ESCOLAR 2026/27

O Servizo Municipal de Madrugadores é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolverá durante o curso escolar 2026/2027 nas instalacións do CEIP Plurilingüe de Louro, do CEIP Ramón de Artaza e Malvárez e do CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío. O seu obxectivo é facilitar a conciliación das familias con fillos e fillas escolarizados nestes centros, ofrecendo un servizo de atención antes do inicio da xornada lectiva para aquelas persoas que o precisen.

1. Destinatarios/as

O programa está dirixido ao alumnado matriculado nos CEIP Plurilingüe de Louro, CEIP Ramón de Artaza e Malvárez e CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío durante o curso escolar 2026/2027.

2. Número de participantes no servizo

- Mínimo: 5 alumnos/as por centro educativo
- Máximo: 30 alumnos/as por centro educativo

No caso de superar o número máximo de prazas realizarase un sorteo público.

3. Solicitude e prazo

As solicitudes de inscrición presentaranse, preferentemente, a través do formulario electrónico habilitado para tal fin. Tamén poderán presentarse mediante o Rexistro da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal) ou a través dos rexistros de calquera administración pública integrada na plataforma de intercambio rexistral (SIR).

O prazo de solicitude de inscrición establécese do seguinte xeito:

- Solicitude de inscrición: do 3 ao 21 de agosto de 2026.
- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do seguinte formulario dispoñible na seguinte ligazón:

[FORMULARIO DE INSCRICIÓN](#)

- Horario de presentación das solicitudes de xeito presencial no rexistro municipal: de 9.00 h a 14.00 h de luns a venres.

Tipos de solicitude:



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Poderá presentar unha solicitude individual ou múltiple para o suposto de irmáns/ás.
- Como cubrir a solicitude:

Cada solicitante cubrirá unha solicitude.

A persoa solicitante será a nai, pai, titor ou titora legal.

A/as persoa/s participantes serán o alumnado matriculado nos CEIP Plurilingüe de Louro, CEIP Ramón de Artaza e Malvárez e CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío.

4. Publicación das listas provisionais e definitivas

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal) a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na lista aparecerán o nome e apelidos e o DNI codificado da persoa solicitante (nai, pai, titor ou titora legal), o número de prazas solicitadas e o centro educativo para o que se solicita o servizo.

As persoas interesadas disporán de dous (2) días hábiles para presentar alegacións, contados desde o día seguinte á publicación da lista provisional.

Unha vez rematado este prazo e resoltas as alegacións, publicarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

5. Documentación

Unha vez publicada a lista definitiva de persoas admitidas, a persoa solicitante disporá de dous (2) días hábiles para presentar a seguinte documentación:

- No caso de que o alumno ou alumna teña algunha necesidade específica, deberá indicalo na solicitude ou achegar un informe médico que acredite a necesidade de atención ou tratamento especial.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do alumno ou alumna.

6. Data de inicio do servizo e horario:

- No CEIP Ramón de Artaza e Malvárez: o horario abrangue dende as 7.15 h ata o comezo da actividade lectiva.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Nos CEIP Plurilingüe de Louro e CEIP Plurilingüe Ricardo Tobío: o horario é dende as 8.00 h ata o comezo da actividade lectiva.

O servizo prestarase durante os días lectivos do curso escolar 2026-2027, dende o primeiro ata o último día fixado no calendario escolar oficial. Non se prestará o servizo nos días non lectivos que cada centro educativo escollo por decisión propia. Esta planificación aplicarase aos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta as particularidades de cada caso de maneira individualizada e xustificada.

- Horario de entrada no servizo:

CEIP Ramón de Artaza e Malvárez: De 7.15 a 7.45 h e ás 8:15 h

CEIP Ricardo Tobío: De 8.00 a 8.15 h

CEIP Louro: De 8.00 a 8.15 h

7. Funcionamento

O servizo de madrugadores é un servizo gratuíto xestionado polo Concello de Muros.

8. Normas de funcionamento

As persoas beneficiarias das prazas están obrigadas a:

- Respetar os horarios establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. Respetar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións, as relativas ao cumprimento de medidas persoais de hixiene e sanitarias.
- No caso de incomparecencia ou de non acudir á actividade de forma habitual sen xustificación, a persoa beneficiaria poderá ser penalizada nas próximas actividades de características similares.

9. Equipo recomendado

Ao inicio do curso a persoa solicitante deberá entregar ás/aos monitoras/es do servizo, para permanecer dispoñible durante todo o curso escolar, os seguintes utensilios rotulados co nome do alumnado: cunca, prato, culler, garfo, vaso, cepillo e pasta de dentes.

10. Almorzo



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Cada alumno/a levará o seu almorzo diariamente elaborado pola súa familia que entregarán ás/aos monitoras/es do servizo.

O almorzo terá un horario definido.

11. Baixa no programa

O pai, nai ou titor/a do alumnado inscrito, pódoo dar de baixa no momento que o estime oportuno, sempre que realice os tres trámites seguintes: O solicite por escrito en calquera rexistro do Concello, a través do rexistro telemático na sede electrónica do Concello (sede.muros.gal) ou no rexistro de calquera Administración Pública adherida a plataforma de intercambio rexistral (SIR).

Na solicitude de baixa a presentar en rexistro deberá constar:

- a) Nome e apelidos do/a neno/a.
- b) Nome, apelidos, DNI e sinatura do pai, nai ou titor/a que solicita a baixa.

12. Funcións das/os monitoras/es

As/os monitoras/es dos servizos terán as seguintes funcións:

- a) Atender e custodiar ao alumnado durante a duración do servizo.
- b) Vixiar que os/as nenos/as deixen as súas pertenzas de forma correcta nos lugares destinados a este fin.
- c) Controlar as asistencia e ausencias dos/as nenos/as diariamente.
- d) Acompañar aos/ás nenos/as do seu grupo ao sitio que lles corresponda na mesa e instruílos para que o recollan e limpen cando rematen de almorzar segundo as súas capacidades e idade.
- e) No caso de que sexa necesario, levar a cabo a limpeza e muda dos/das nenos/as.
- f) Atender aos/ás nenos/as no caso de accidentes.
- g) Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades.
- h) Realizar actividades de lecer en lingua galega que poderán consistir nas seguintes: xogos cooperativos, xogos de mesa, actividades plásticas e outras actividades deportivas e de lecer.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

13. Outros aspectos

Unha vez comece o servizo estableceranse as prazas vacantes, de ser o caso, para o resto do curso en cada centro educativo.

Calquera causa ou aspecto non recollido nestas bases será estudada individualmente polo Concello de Muros.